

Editorial

Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación inaugura unha nova fase na súa andaina, iniciada en 1997 e continuada sen interrupción ata a actualidade. Dúas son as principais novidades que introduce o presente número.

En primeiro lugar, decidimos converter *Sarmiento* nunha revista electrónica, pois desta forma conseguiremos reducir os custes de edición, o que resulta imprescindible nun momento en que os fondos públicos para as publicacións periódicas son cada vez máis escasos. O novo formato, deseñado por Javier Prado, permitirá tamén —iso agardamos— chegar a máis lectores e lectoras. Con todo, e mentres teñamos capacidade para facelo, continuaremos a editar a revista en papel, aínda que o número de exemplares será máis reducido que no pasado.

En segundo lugar, a cuberta dos quince primeiros números será substituída por outra máis coidada e elaborada, obra de José María Mesías Lema, a quen lle agradecemos o seu traballo.

Polo demais, non hai cambios substanciais respecto da traxectoria anterior:

- 1) A revista constará dunha primeira parte dedicada a estudos, algúns dos cales terán polo regular un carácter monográfico; deseguido aparecerán os documentos, acompañados dos correspondentes estudos introdutorios, e finalmente as novas e reseñas.

2) O idioma utilizado será preferentemente o galego, aínda que tamén se publicarán traballos noutros idiomas peninsulares.

3) Seguiremos sendo un proxecto interuniversitario, ao contarmos co soporte institucional das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Queremos agradecer á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ás universidades da Coruña e Vigo e á rede de investigación RINEF-CISOC, dirixida polo profesor José Antonio Caride, as súas achegas económicas para facer posible a transformación da revista e a edición en papel dun reducido número de exemplares ■